

## **Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.**

*Artigos 6 a 13 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo. (DOG, 30/12/02). Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo. (DOG, 30/12/02).*

### Título II

#### Normas de réxime administrativo

#### Capítulo I

#### Réxime xurídico do persoal

**Artigo 6.** Atribucións do conselleiro competente en materia de función pública. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Modifícase o apartado 12 do punto 2 do artigo 13 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

«2.12. Autoriza-las adscricións en comisión de servizos para postos de traballo, así como, sen prexuízo do previsto nos artigos 15.8.e) e 62.4, a adscrición con carácter provisional do persoal funcionario sen destino definitivo».

**Artigo 7.** Atribucións do conselleiro competente en materia de Administración local. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Modifícase o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado como segue:

«Correspóndelle ó conselleiro competente en materia de Administración local:

1. Exerce-las competencias que respecto dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A designación de representantes da Comunidade Autónoma nos tribunais cualificadores de procesos selectivos de persoal para as entidades locais».

**Artigo 8.** Competencias dos conselleiros. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Modifícase o punto 8 do artigo 15 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado como segue:

«8. En relación cos funcionarios pertencentes a corpos ou escalas adscritos ó seu departamento:

a) A convocatoria e a resolución dos concursos de traslados.

b) O nomeamento de persoal interino.

c) O recoñecemento da adquisición do grao persoal e dos trienios.

d) Resolve-las situacións administrativas dos funcionarios.

e) Autoriza-la adscrición con carácter provisional do persoal funcionario sen destino definitivo».

**Artigo 9.** Situación de servizos noutras administracións públicas. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Modifícase o artigo 54 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado como segue:

«Servicios noutras administracións públicas.

Os funcionarios da Comunidade que, por medio dos sistemas de concurso, de libre designación, transferencia ou adscrición provisional, se é o caso, pasen a ocupar postos de traballo noutras administracións públicas someteranse ó réxime estatutario vixente na administración na que estean destinados e seralles aplicable a lexislación en materia de función pública desta, pero conservarán a súa condición de funcionarios da Comunidade en situación de servizo noutras administracións públicas.

No suposto de estar incurso en expediente disciplinario, a imposición da sanción de separación do servizo corresponderalles ós órganos competentes da Comunidade Autónoma».

**Artigo 10.** Excedencia para o coidado de fillos e familiares. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Modifícase o punto 4 do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Excedencia para o coidado de fillos e familiares:

Os funcionarios terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, para atenderen o coidado de cada fillo, tanto cando sexa por natureza coma por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, que se contará desde a data de nacemento ou, de se-lo caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a un ano, os funcionarios para atenderen o coidado dun familiar que se encontre ó seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período dela poñeralle fin ó que se viñese gozando.

Esta excedencia constitúe un dereito individual dos funcionarios. No caso de que dous funcionarios xerasen o dereito a gozalo polo mesmo suxeito causante, a Administración poderá limita-lo seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

O período de permanencia nesta situación computarase para efectos de trienios, de consolidación do grao persoal e dos dereitos pasivos. Durante o primeiro ano, os funcionarios terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñaban. Transcorrido este período, a devandita reserva será para un posto na mesma localidade e de igual nivel e retribución».

**Artigo 11.** Contías das retribucións básicas. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Modifícase o punto 1 do artigo 65 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As contías das retribucións básicas das letras a) e b) do apartado 2 do artigo 64 desta lei serán iguais para cada un dos grupos nos que se clasifican os corpos ou as escalas. Así mesmo as contías das pagas extraordinarias serán iguais para cada un

dos grupos de clasificación segundo o nivel do complemento de destino que perciban.

O soldo dos funcionarios do grupo A non poderá exceder en máis de tres veces o soldo dos funcionarios do grupo E».

**Artigo 12.** Integración de funcionarios de carreira. Modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Engádeselle unha disposición adicional décimo cuarta á Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, coa redacción seguinte:

«1. Os funcionarios de carreira ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia procedentes de corpos e escalas de asistentes sociais, integrados no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, poderán voluntariamente optar por se integraren no corpo de xestión de Administración xeral da Xunta de Galicia ou ben por pasaren a persoal laboral fixo ó servizo da Administración da Xunta de Galicia, na categoría de asistente social (17), do grupo II, do IV Convenio Colectivo Único.

2. Os funcionarios de carreira do corpo de conductores e conductores-mecánicos, grupos E ou D, ó servizo da Administración da Xunta de Galicia que se atopen desempeñando postos de traballo que aparecen reservados ó persoal laboral nas correspondentes relacións de postos de traballo poderán optar por se integraren como persoal laboral fixo da Administración da Xunta de Galicia nas categorías e nos grupos que correspondan.

3. Mediante orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, regularanse os termos e as condicións para os efectos das opcións de integración previstas nesta disposición».

**Artigo 13.** Desempeño da función docente nos ámbitos da formación profesional ocupacional e continua por parte dos funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional.

1. Os funcionarios dos corpos de profesores de ensino secundario e de profesores técnicos de formación profesional, sen prexuízo de seguiren desempeñando as súas funcións na formación profesional específica, de acordo co establecido na disposición adicional décima, apartado 1, da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e de conformidade co que establezan as normas básicas que determinan a atribución da competencia docente ós profesores dos devanditos corpos, poderán desempeñar funcións nos ámbitos da formación profesional ocupacional e continua de conformidade co seu perfil académico e profesional. Asemade poderán impartir ata un máximo de cen horas ó ano na formación profesional ocupacional e continua no suposto de que a dedicación á formación profesional regrada ocupe a totalidade da súa xornada e horario.

2. O establecido no punto anterior seralles aplicable ós profesores que en cada momento se encontren exercendo a súa función docente, con carácter temporal, na formación profesional regrada.

3. O desempeño das funcións nos ámbitos da formación profesional ocupacional e da formación profesional continua terá a consideración de interese público para efectos do previsto na normativa sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, en particular no artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e asemade en virtude do establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

4. Regulamentariamente determinarase o procedemento de designación ou contratación do profesorado que vaia impartir-la formación profesional ocupacional ou formación profesional continua así como as retribucións e outros aspectos que sexan precisos para o cumprimento do disposto neste artigo.